

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE XUÑO DE 2013.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de xuño de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

Non asiste: D. XESÚS PENA ESPIÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.04.2013.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.04.2013 AO 14.06.2013.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REDISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES DA OBRA: ABASTECIMENTO AMES E BRIÓN (1ª FASE).

8º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 10.06.2013 DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.04.2013.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 17 de abril de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.04.2013 AO 14.06.2013.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben, dos que se deu copia aos membros da Corporación, engadindo á mesma un decreto do 13.06.2013 de solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental 2013, que por erro non figuraba na relación:

12.04.13.- Aprobar o proxecto "RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR 2013. AGRUPACIÓN DE CONCELLOS LOUSAME, AMES E BRIÓN.

15.04.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 16 de abril.

15.04.13.- Impoñer a URBAN SERVICIOS INMOBILIARIOS, S.L. unha segunda multa coercitiva, por importe de tres mil euros como consecuencia do incumprimento do ordenado nos Decretos de Alcaldía de data 08.06.2012 e 27.07.2012.

15.04.13.- Traslado de expediente de baixa de oficio o Consello de Empadramento para emisión de informe.

15.04.13.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados de posibles imprevistos na viaxe cultural a Tenerife.

16.04.13.- Non admisión a trámite da solicitude de baixa por inscrición indebida por traslado do domicilio.

17.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SL).

18.04.13.- Autorización e disposición do gasto, e expedir a orde de pago sen a debida xustificación da cantidade de 400,00 € gastos para o desprazamento a Castell-Platja d'Aro (Girona).

18.04.13.- Devolución do aval bancario da obra "Proxecto básico e de execución dunha piscina cuberta municipal do Concello de Brión á UTE Manuel Rodríguez Lema SL -Fergo Galicia SA.

19.04.13.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de abril.

19.04.13.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

19.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.075 euros (gastos grupo político do PSOE correspondentes ao 1º semestre 2013) e 1.575 € (gastos grupo político do PP correspondentes ao 1º semestre 2013).

19.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota mes febreiro Mancomunidade Concellos Serra do Barbanza).

22.04.13.- Modificacións para a baremación de solicitudes para curso 2013/14 da Escola Infantil Municipal de Brión.

22.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 2.520 euros (asistencia a sesións dos concelleiros 1º trimestre).

22.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 20.543,54 euros (Unión Fenosa Comercial).

22.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 19.142,92 euros (Gas Natural SUR).

22.04.13.- Aprobación provisional da matrícula de contribuíntes da taxa por instalacións e actividades publicitarias ocupando terreos de dominio público local, exercicio 2012, por un importe de 630,02 euros.

22.04.13.- Aprobación provisional da matrícula de contribuíntes da taxa por utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, exercicio 2012, por un importe de 258,43 euros.

23.04.13.- Requirimento para a retirada dun vehículo no parking do centro comercial de Monte Balado.

23.04.13.- Requirimento para a retirada dun vehículo en Vidaloiro.

23.04.13.- Adhesión do Concello de Brión ao convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social.

23.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 25.328,91 euros (facturas varias).

24.04.13.- Nomeamento de funcionaria de carreira deste Concello a Eva María Vidal Caamaño, para a praza de auxiliar administrativo.

24.04.13.- Baixa no padrón de lixo dos recibos correspondentes aos anos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dunha vivenda sita en Río Pego.

24.04.13.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

25.04.13.- Interpoñer recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a sentenza pola que se estima en parte o recurso contencioso administrativo interposto por Centro Multiocio S.L.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 445,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Tenerife.

25.04.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra "Renovación de alumado en Monte Balado, Brión", por importe de 2.634,33 euros á empresa ESYCSA.

26.04.13.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a prórroga do convenio para o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, exercicio 2012.

26.04.2013.- Autorización de fraccionamento mensual do canon da cafetería do Centro Social Polivalente.

29.04.13.- Inadmisión a trámite dun escrito presentado por unha veciña en relación a limpeza dunha finca.

29.04.13.- Pago de nóminas mes de abril.

29.04.13.- Devolución proporcional do pago a conta do ICIO correspondente a dúas vivendas unifamiliares pareadas que se ían construír en Gronzo 39-44.

29.04.13.- Adhesión ao Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013 da Deputación da Coruña.

29.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.050 euros (gastos grupo político do BNG correspondentes ao ano 2012).

29.04.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 04/2013.

29.04.13.- Embargo de 300 € na nómina dun traballador a favor do Xulgado de 1ª Instancia.

29.04.13.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.04.13.- Reintegro da cantidade de 12,00 € a unha traballadora, polo pagamento anticipado derivado dunha compra na viaxe da terceira idade a Tenerife.

30.04.13.- Reintegro da cantidade de 79,00 € a un traballador, polo pagamento anticipado derivado dunha compra para a escola infantil municipal.

30.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa SL).

30.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.220,26 euros (Telefónica España).

30.04.13.- Adscrición de persoal para realizar tarefas de desbroce-limpeza.

02.05.13.- Altas no padrón do mes de abril.

02.05.13.- Baixas no padrón do mes de abril.

02.05.13.- Ordenar a execución do fallo estimando o recurso contencioso-administrativo interposto por TELEFÓNICA MÓVILES, S.A. contra a ordenanza reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de subministración xeral.

02.05.13.- Solicitud á Deputación da Coruña para a cesión gratuíta de dous vehículos do parque móbil provincial para adscribilos ao servizo de protección civil e outro á brigada municipal de obras.

02.05.13.- Estimación da solicitud de corrección de erros presentada por unha veciña contra a liquidación do ICIO, pola construción dun peche de parcela no lugar da Telleira.

02.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 410,52 euros (Telefónica Móviles España).

02.05.13.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

03.05.13.- Aprobación provisional do padrón fiscal polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2013.

03.05.13.- Bonificación do ICIO da licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Mourentáns.

06.05.13.- Aprobación dos criterios básicos para a utilización de espazos do centro social polivalente.

06.05.13.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

07.05.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de maio de 2013.

07.05.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de abril de 2013.

07.05.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de abril 2013.

07.05.13.- Requirimento para a retirada dun vehículo no Paseo de Pedrouzos.

07.05.13.- Requirimento para a retirada dun vehículo na Urbanización Balneario do Tremo.

07.05.13.- Inicio de expediente de modificación puntual do PXOM como consecuencia da execución da sentenza estimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Veciñal Torres de Altamira.

07.05.13.- Aprobación do acordo de colaboración entre os Concellos de Ames e Brión para a prestación asociada dos servizos de emerxencias e protección civil.

07.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 31.170,01 euros (facturas varias).

07.05.13.- Concesión de ampliación de axuda emerxencia a un veciño.

08.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota mes marzo da Mancomunidade Serra do Barbanza).

08.05.13.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

10.05.13.- Autorización para celebrar o día 17 de maio de 2013 os festexos de San Isidro no lugar de A Igrexa - Os Ánxeles.

10.05.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 05/2013.

10.05.13.- Adquisición do subministro de materiais para a execución das obras de Mantemento de estradas "Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira", ás empresas Probisa (lote 1) e Mibasa (lote 2 e 3).

13.05.13.- Nomear ao funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello desde o 13 ao 20 de maio.

13.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

13.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

13.05.13.- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos de prazas para a escola infantil municipal deste Concello.

14.05.13.- Autorización para o uso do baixo da casa da cultura sita na Carballeira de Santa Minia para facer unha homenaxe á Rosalía de Castro o día 16 de xuño de 2013.

14.05.13.- Aprobar a baixa definitiva na escola infantil da praza adxudicada a unha veciña.

14.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa).

15.05.13.- Solicitud ao Distrito Forestal de Ordes dunha cuadrilla composta de 4 persoas e unha motobomba.

15.05.13.- Baixa no padrón por inscrición indebida.

15.05.13.- Aprobación convenio de colaboración entre os Concellos de Ames e Brión para a xestión compartida do programa integrado para o emprego "Inserames-Brión".

15.05.13.- Aprobación do proxecto denominado: PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO "INSERAMES-BRIÓN", e cun orzamento de 180.757,50 €.

16.05.13.- Acordar a execución das obras Proxecto de mantemento de beirarrúas na parroquia de Brión e Os Ánxeles, comezando as mesmas o día 1 de xuño de 2013.

16.05.13.- Acordar a execución das obras Proxecto de mantemento de estradas aldea de Vioxo de Arriba e pistas Tembra-Pedreira, comezando as mesmas o día 1 de xuño de 2013.

16.05.13.- Solicitud de subvención para a para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013.

21.05.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 22 de maio.

21.05.13.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 6/2013.

22.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.585,89 euros (facturas varias).

22.05.13.- Baixa definitiva dos recibos do lixo dos anos 2006, 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dun veciño.

- 22.05.13.- Requirimento a un veciño para a limpeza de fincas en Brión de Abaixo.
- 23.05.13.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Urban Servicios Inmobiliarios SL contra a resolución da Alcaldía de 14 de abril de 2013.
- 23.05.13.- Baixa nas actividades de prevención e inserción presentadas desde 15 de febreiro e o 22 de maio de 2013.
- 23.05.13.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 07/2013.
- 24.05.13.- Fusión da sección 002 do distrito 04 na sección 001 do distrito 04 quedando a mesma distribución das mesas que antes da fusión.
- 24.05.13.- Aprobación definitiva da matrícula da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares do exercicio 2012 por un importe total de 258,43 euros.
- 24.05.13.- Aprobación definitiva da matrícula da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público do exercicio 2012 por un importe total de 630,02 euros.
- 24.05.13.- Autorización do uso do pavillón durante o mes de xullo á empresa Aquafit Gestión SL.
- 24.05.13.- Corrección dun erro na liquidación aprobada por resolución do 18.01.2012 por importe de 60 euros, en concepto de taxa por expedición de licenzas urbanísticas.
- 24.05.13.- Aprobación da liquidación da Xunta de Goberno Local celebrada o 22 de maio.
- 24.05.13.- Resolución estimando e rexeitando alegacións presentadas á lista provisional de admitidos e excluídos no servizo de escola infantil municipal para o curso 2013-2014.
- 24.05.13.- Incorporación dun veciño ao servizo de axuda ao fogar básico.
- 27.05.13.- Autorización para celebrar o día 2 de xuño de 2013 os festexos de Corpus no lugar de A Igrexa - Os Ánxeles.
- 27.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 8.295,43 euros (Unión Fenosa Comercial SL).
- 27.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 12.922,29 euros (GAS NATURAL SUR).
- 27.05.13.- Alta dunha veciña no servizo de xantar na casa.
- 27.05.13.- Alta dunha veciña no servizo de xantar na casa.
- 28.05.13.- Orden a un veciño para a paralización das obras que está a realizar no lugar de Guitiande sen licenza municipal.
- 28.05.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2012.
- 28.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 30.517,57 euros (facturas varias).
- 29.05.13.- Pago de nóminas do mes de maio.
- 29.05.13.- Declaración como residuo sólido urbano do vehículo abandonado en Monte Balado ao non ser retirado polo titular.
- 29.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.220,26 euros (Telefónica España).
- 29.05.13.- Embargo de 300 € na nómina dun traballador a favor do Xulgado de 1ª Instancia.
- 29.05.13.- Recoñecemento dun trienio a un traballador.

29.05.13.- Abono da diferenza entre os complementos específicos pola substitución do posto de intervención.

29.05.13.- Pago de gratificacións a un laboral.

29.05.13.- Pago de gratificacións a un funcionario.

30.05.13.- Baixa dun recibo no padrón do lixo do ano 2013.

30.05.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 123,63 euros (Kaos on-line).

30.05.13.- Designación dos vogais da Xunta Local de Seguridade do Concello.

31.05.13.- Abono a dous funcionarios da cantidade de 2.090 euros pola diferenza entre o que deberían percibir e o realmente percibido nos meses de xullo, agosto e setembro de 2007 e de decembro de 2007 e xaneiro de 2008, en execución de sentenza.

03.06.13.- Autorización para celebrar o día 9 de xuño de 2013 os festexos de Sacramento no lugar de A Igrexa - Bastavales.

03.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 365,40 euros (Telefónica Móviles).

03.06.13.- Altas no padrón de habitantes do mes de maio.

03.06.13.- Baixas no padrón de habitantes do mes de maio.

03.06.13.- Incoación de expediente de orde de execución en relación coa situación que presenta a edificación nas inmediacións da vivenda sita en Brión de Abaixo núm. 9.

03.06.13.- Solicitud de cesión en propiedade dun vehículo de extinción de incendios.

03.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa SL).

04.06.13.- Arquivo expediente reposición de legalidade urbanística.

04.06.13.- Orden a unha veciña para a paralización das obras que está a realizar no lugar de Guitiande sen licenza municipal.

04.06.13.- Finalización de expediente por terse restaurado a legalidade urbanística en Vilar.

04.06.13.- Aprobación da documentación complementaria do proxecto das obras de Reparación do interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.

04.06.13.- Aprobación da documentación complementaria do proxecto das obras Acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón, e piscinas municipais.

04.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 2.133,72 euros (Maphre Familiar).

04.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

05.06.13.- Autorización para celebrar o día 9 de xuño de 2013 os festexos de Sacramento no lugar de A Graña - Cornanda.

05.06.13.- Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo que dure a baixa da interventora.

05.06.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de maio 2013.

05.06.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2013.

05.06.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xuño de 2013.

05.06.13.- Aprobar o proxecto da obra LIMPEZA DE ALDEAS CORNANDA, ONS, BRION DE ARRIBA, CABANAS, SAIME E BEMIL – BRION 2013 e solicitude de subvención ao abeiro dos programas de cooperación.

05.06.13.- Aprobación do proxecto da obra LIMPEZA E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTIS - BRION 2013 e solicitude de subvención ao abeiro dos programas de cooperación.

06.06.13.- . Aprobación para a súa posterior incorporación ao padrón do lixo de 2013.

06.06.13.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2013.

06.06.13.- Solicitude dunha subvención para o desenvolvemento dun programa dirixido á redución do abandono escolar no Concello de Brión.

06.06.13.- Modificación de cota dun usuario da escola infantil municipal para o curso 2013-2014.

07.06.13.- Adxudicación do contrato de servizos de xestión da piscina municipal de Bastavales durante o verán do 2013 á empresa BARBATANA S.L, por un importe total de 6.750 €.

07.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

10.06.13.- Solicitude de adhesión do Concello de Brión ao convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, as Deputacións e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais.

10.06.13.- Asinar coa Deputación da Coruña o convenio de colaboración para a realización da obra: mellora de acceso á sala de exposicións.

10.06.13.- Asinar coa Deputación da Coruña o convenio de colaboración para a realización da obra: reparación da envolvente exterior da gardería municipal.

10.06.13.- Resolución expediente sancionador de tráfico.

10.06.13.- Resolución expediente sancionador de tráfico.

11.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 494,38 euros (taxa uso temporal instalacións xuvenís verán 2013).

11.06.13.- Aprobación do expediente de contratación da obra de: mellora e adaptación do acceso de entrada á sala de exposicións.

11.06.13.- Aprobación do expediente de contratación da obra de: reparación da envolvente exterior da gardería municipal do Concello de Brión.

11.06.13.- Estimación dunha alegación dun veciño contra o padrón da taxa de recollida de lixo.

11.06.13.- Estimación dunha alegación dun veciño contra o padrón da taxa de recollida de lixo.

11.06.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 18.463,86 euros (facturas varias).

13.06.13.- Desestimación dunha alegación dun veciño contra o padrón da taxa de recollida de lixo.

13.06.13.- Resolución pola reclamación da devolución dun recibo do lixo.

13.06.13.- Adscrición dun traballador ao grupo de emerxencia supramunicipal deste Concello coas funcións establecidas no convenio de colaboración de coordinador do GES.

13.06.13.- Aprobación das bases para a provisión de 11 prazas de persoal para o grupo de emerxencias supramunicipal.

13.06.13.- Deixar sen efecto a convocatoria da Xunta Local de Seguridade prevista para o día 13 de xuño.

13.06.2013.- Solicitud de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental 2013.

14.06.13.- Convocatoria das Comisións Informativas e do Pleno a celebrar o 19 de xuño.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11 de xuño de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Visto o escrito presentado pola empresa Aquafit Gestión S.L. concesionaria do servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión, de data 6 de xuño de 2013, con rexistro de entrada no Concello núm. 2138, do 7 de xuño, no que se propón:

1. Variación do horario de apertura, ampliándoo e facéndoo máis homoxéneo e adaptado ás necesidades contrastadas.
2. Inclusión na oferta das actividades de Fitness e Saúde que desenvolve actualmente o Concello. Para iso habilitarán unha sala de actividades dentro da instalación.
3. Modificación da figura de "cursillista". Actualmente só poden acceder a un curso as persoas que son abonadas á instalación. A partir de agora, os usuarios poderán darse de alta no curso que desexen sen a obrigatoriedade de ser abonado.
4. Aparición do abonado matinal reducido. Con esta nova cota, un 37% máis barata que o actual abonado reducido, intentaremos animar a todas aquelas persoas maiores de 65 anos ou que estean desempregadas a facer uso dos nosos servizos.
5. Aparición do suplemento por fillos entre 18 e 24 anos para que poidan seguir pertencendo ao abonado familiar sen ter que pasar obrigatoriamente ao abonado individual.
6. Creación da tarifa plana de actividades acuáticas para adultos. Desta forma aqueles adultos que o desexen poderán elixir, ademais das xa establecidas, unha tarifa que lles permita asistir a todas as actividades acuáticas ofertadas, os días que queiran e as veces que queiran.
7. Reestruturación das tarifas de aluguer da pista de pádel, para que sexa máis sinxelo reunir 4 persoas para alugar a pista independentemente se son ou non aboados á instalación.
8. Supresión da matrícula para as modalidades de subscritor reducido ou social.
9. Menor prezo en matrícula e entrada libre.

Resultando que o concesionario adxunta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola piscina cuberta climatizada, que é consecuencia dos novos servizos que se van prestar e das novas condicións de uso doutros servizos que xa se prestaban,

tratando de conseguir unha viabilidade desde un punto de vista económico da xestión da piscina.

Considerando esta Alcaldía que a proposta é axeitada no actual momento de crise económica posto que sen incrementar todos os prezos consonte ao 85% do IPC, se incrementan soamente algúns, se ben tamén hai reducións de prezos e ampliación de servizos, que se considera por esta Alcaldía que non poden afectar de xeito negativo ao equilibrio económico da concesión, posto que a mesma é a risco e ventura do concesionario e non están os prezos impostos polo Concello e por outra banda cando se revisen as tarifas consonte co disposto no contrato se terán en conta as modificacións de tarifas realizadas, de xeito que non sexa superior a ese 85% do IPC, vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, publicada no BOP do 16.08.2011 (modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.08.2012 e do 15.02.2013), nos seguintes termos:

1 - Se modifica o art. 5.2 que pasaría a ter a seguinte redacción:

2. Establécense as seguintes tarifas (Ive excluído):

1. COTA DE ENTRADA (MATRÍCULA):

- Abonado individual: 16,53 euros por alta no servizo, non volvendo a abonarse mentras se continúa de alta.
- Abonado familiar (incluídos fillos ata 17 anos): 16,53 euros por alta no servizo, non volvendo a abonarse mentras se continúa de alta.
- Abonado reducido ou social (menores de 18 anos, maiores de 65 anos e colectivos desfavorecidos): non pagan cota de entrada.
- Abonado reducido matinal (desempregados, maiores de 65 anos e colectivos desfavorecidos): non pagan cota de entrada.

2. ABONADOS:

- Abonado individual: 21,49 euros/mes.
- Abonado familiar (independentemente nº de fillos ata 17 anos): 27,28 euros/mes.
- Abonado reducido ou social (menores de 18 anos, maiores de 65 anos e colectivos desfavorecidos): 15,71 euros/mes.
- Abonado reducido matinal (desempregados, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 9,92 euros/mes. Para o acceso e uso da instalación en horario de mañán de luns a domingo. Deberán acreditar mensualmente ante o concesionario non ter causado baixa nos servizos correspondentes dos servizos de emprego competentes.
- Suplemento abonado familiar por fillos entre 18 e 24 anos: 6,62 euros.

3. NON ABONADOS:

- Entrada individual adulto piscina: 4,96 euros, que inclúe os servizos de piscina, ximnasio e sauna.
- Entrada individual reducida ou social (menores de 18 anos, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 2,48 euros.

O período de duración da entrada é de 1 hora e 30 minutos.

4. ACTIVIDADES ACUÁTICAS:

A-. CURSOS DE NATACIÓN PISCINA (pago mes por unha sesión á semana):

- Abonados: 6,62 euros.
- No abonados: 11,58 euros.

B.- CURSOS DE NATACIÓN BEBÉS: (pago mes por unha sesión á semana):

- Abonados: 8,27 euros.
- Non abonados: 12,40 euros.

C.- TARIFA PLANA ACTIVIDADES ACUÁTICAS ADULTOS (inclúe todas as actividades acuáticas ofertadas á semana)

- Abonados: 13,23 euros.
- Non abonados: 23,15 euros.

5. ACTIVIDADES DE FITNESS E SAÚDE (ximnasia de mantemento, pilates, aerobic, zumba, ioga, ciclo indoor, baile, etc) pago mes por unha sesión á semana:

- Abonados: 6,62 euros.
- Non abonados: 11,58 euros.
- Pago único para os abonados por curso de 2 días á semana de outubro a xuño: 104,14 euros.
- Pago único para os non abonados por curso de 2 días á semana de outubro a xuño con dereito a uso dos vestiarios e a sauna: 111,58 euros.

6. PADEL.

- Abonados:
 - Aluguer de 1 hora sen luz artificial: 1,24 euros.
 - Aluguer de 1 hora con luz artificial: 1,66 euros.
 - Curso con monitor por cada sesión á semana: 13,23 euros.
- Non abonados:
 - Aluguer de 1 hora sen luz artificial: 2,48 euros.
 - Aluguer de 1 hora con luz artificial: 3,31 euros.
 - Curso con monitor por cada sesión á semana: 19,84 euros.

7. OUTRAS TARIFAS:

- Alugueiro de rúa: 1 rúa en sesión de 45 minutos: 18,19 euros.
- Actividades individualizadas: Prezo monitor/hora: 18,19 euros.
- Cursos do programa de natación escolar (1 día á semana): 5,79 euros.
- Obradoiros de verán: 1 semana de luns a venres pola mañán 4 horas:
 - Abonados: 20,67 euros.
 - Non abonados: 28,93 euros.
- Devolución de recibos: 1,66 euros (por cada recibo devolto)
- Mal uso ou extravío da tarxeta de identificación: 2,48 euros.

2. Se modifican os seguintes apartados das normas de aplicación das tarifas anteriores que quedarían do seguinte xeito:

b) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír o cónxuxe ou persona vinculada por análoga relación afectiva (que deberá ser acreditada mediante inscrición da mesma no correspondente rexistro público) así como os fillos menores de 18 anos e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nen de días. Os fillos/as ao cumprir os 18 anos deberán inscribirse nunha das categorías individuais, sen ter que abonar cota de entrada ou ben abonar o suplemento correspondente para seguir dentro do abono familiar.

f) Se da nova redacción aos importes deste apartado no senso seguinte: No caso de devolución de recibos o interesado deberá abonar uns gastos de 1,66 euros e no caso de

perda do carné deberá abonar uns gastos de 2,48 euros, en concepto de costes asociados á devolución e perda respectivamente.

3. No art. 7 entre os parágrafos núm. 4 e 5 se introduce o seguinte texto:

O concepto do abono é anual (doce meses) aínda que o pago se fracciona mes a mes. Dentro do prezo do abono están incluídos os peches que aparecen detallados no regulamento de uso.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10 de xuño de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Visto o escrito asinado por Pedro Iglesias Santos, como xerente e administrador da empresa Aquafit Gestión S.L., actual concesionario do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, de data 6 de xuño de 2013, con rexistro de entrada no Concello núm. 2138, do 7 de xuño de 2013, no que fai unha proposta de modificación do regulamento interno da piscina, segundo sinala como consecuencia do tempo transcorrido desde o inicio da xestión do servizo que fixo que se apreciaran novas necesidades e igualmente para ofrecer novos servizos aos veciños que supoñen modificacións no regulamento interno e para adaptar o mesmo á ordenanza fiscal e para solventar deficiencias detectadas no texto vixente.

Considerando esta Alcaldía que a principal modificación que se propón fai referencia ao novo horario, que se amplía, de xeito que pasa no inverno de 63,5 horas/semana a 69,5 horas /semana e no verán se pasa de 44 a 45,5 horas semana, se considera conveniente modificar o horario consonte co solicitado polo concesionario, que non supón ningunha modificación do contrato posto que o horario previsto no apartado 9 do prego de prescricións técnicas establece un horario mínimo, a modo indicativo, e que o mesmo en todo caso se respecta posto que se incrementa o número de horas, sen contraprestación económica para o Concello, xunto con outra serie de pequenas modificacións.

Polo anteriormente exposto propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal, nos seguintes termos:

- No apartado 2.1.1. Socios/abonados.

Onde di: Servizos. O usuario que se inscribe nesta modalidade disporá dos seguintes servizos: Libre acceso á totalidade das instalacións e servizos (salvo padel e tenis), se elimina o texto e tenis.

No mesmo apartado onde di: Cotas. As cotas de abonado serán:

- Abono reducido o social: para menores de 18, maiores de 65, se engade e colectivos desfavorecidos e se suprime xubilados, pensionistas e discapacitados con rendas inferiores a 15.000 euros brutos ao ano.

Se engaden dous novos apartados:

- Abono reducido matinal: desempregados, maiores de 65 anos e colectivos desfavorecidos.
- Suplemento abonado familiar: por fillos entre 18 e 24 anos.

No apartado 2.1.3.2. Uso libre por reserva.

- Servizos. Utilizar libremente o espazo para o que pagaron a cota polo tempo que contrataron, ademais dos vestiarios.

Se suprime o texto: As reservas para as persoas non abonadas só se poderán realizar con 24 horas de antelación.

No apartado 2.2.1. Requisitos para o alta no servizo.

Será requisito indispensable para o uso dos servizos polos usuarios, a subscripción do correspondente contrato entre a empresa concesionaria e o solicitante, salvo as excepcións recollidas no PCAP, e no presente regulamento. O contrato será realizado se engade na piscina de Brión e se elimina oficinas da empresa concesionaria, mediante impresos que esta facilitará, estendendo unha copia do mesmo ao abonado e conservando a empresa concesionaria o orixinal a disposición do Concello. Non se poderá utilizar o servizo, se previamente non se formalizou o correspondente contrato.

No momento da inscrición, o usuario se engade presentará para a súa comprobación e se suprime facilitará a seguinte documentación:

- DNI (orixinal para comprobar a identidade do que realiza a inscrición).
- Libro de Familia para os abonos se elimina o texto familiares -inclúense nos mesmos os fillos menores de 18 anos- (orixinal).
- Parellas de feito: certificado de parella de feito (orixinal e copia) se elimina copia.
- Para os abonos/cursos con situación especial (se engade colectivos desfavorecidos, terceira idade, nenos, etc.) e se suprime (xubilados, nenos, discapacitados, etc.) acreditarán dita situación a través da documentación fehaciente en cada caso (orixinal) se elimina e copia).

No mesmo apartado onde di

- Persoas que acceden a través de entrada e/ou como colectivos.

Onde di: Deberá presentar o D.N.I. e crearáselles unha ficha coa finalidade de que, tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lles dará carné. Se elimina ese texto.

No caso das entradas os requisitos son: se elimina este texto e se substitúe por:

- Entradas: Deberá presentar o DNI e crearáselles unha ficha coa finalidade de que tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lle dará carné. Aos menores de idade que non teñan unha autorización paterna asinada non poderán acceder á instalación.

- Colectivos: As persoas que accedan na modalidade de colectivo farán todos xuntos simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.

Se elimina o seguinte texto: Presentar o D.N.I.

- Os menores de idade e xubilados deberán xustificar a súa situación cos documentos correspondentes. Os menores de idade que non teñan unha autorización paterna asinada non poderán acceder á instalación.

As persoas que accedan na modalidade de colectivo farán todos xuntos simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.)

No apartado 2.2.2. Baixas.

Onde di: O/a abonado/a que fose dado de baixa por falta de pagamento de cotas e noutra ocasión desexase volver ser abonado/a, deberá pagar todas as cotas impagadas desde que se lle dea a baixa ata a data na que se lle inscriba de novo máis se elimina o texto unha cota de reinscripción e se engade a matrícula. En ámbolos casos, a nova alta efectuarase se estivese aberta a inscrición.

No apartado 2.2.3. Follas de reclamacións e suxestións.

Onde di: O concesionario comprométese a contestar no prazo dunha semana, todas e cada unha das reclamacións ou consultas que se formulen tanto nas instalacións deportivas municipais como nas dependencias do órgano de contratación, así como a se elimina o texto notificar nun prazo máximo dunha semana ao órgano de contratación, a existencia de tal reclamación, enviando a oportuna copia da mesma, mediante escrito dirixido ao funcionario correspondente, presentado no rexistro, e se substitúe por presentación no Concello de copia de ditas reclamacións e as contestacións remitidas.

Ditas follas atoparanse a disposición dos usuarios, indicando tal existencia en lugares visibles. Se elimina o texto especialmente na zona de recepción e na zona dos servizos de administración das correspondentes oficinas e, en todo caso, nas oficinas de atención aos usuarios descritas no Prego que rexe o contrato concesional.

No apartado 2.3. Das taxas/ prezos públicos e matrícula.

Os abonado/as, se engade usuarios por libre e cursillistas, satisfarán as cotas que fosen fixadas pola empresa concesionaria e aprobadas polo Concello de acordo coa oferta presentada, todo iso de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

A revisión das devanditas taxas realizarase consonte co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

A matrícula pagarase ao darse de alta se elimina o texto xa sexa mediante abono ou curso tanto usuarios novos como antigos que se deron de baixa.

No apartado 2.4.1. Formas de pago.

Onde di: Cartón. A primeira vez non ten custo algún para o usuario; en caso de renovación por mal uso ou extravío non xustificado cobrarase se elimina o texto un importe de 3 euros que virá determinado nas taxas e se engade o importe que virá determinado na ordenanza fiscal.

Onde di: Comisión por devolución por recibo devolto. Se substitúe por: Por devolución de recibo cobrarase o importe que veña determinado na ordenanza fiscal.

No apartado 2.4.2. Devolucións de recibos.

Os recibos devoltos enviaranse de novo ao cobro se elimina quince e se engade (cinco/ dez) días despois, previo aviso ao usuario/a que non os atenda, e se non fosen pagos causarase a súa baixa automática como tal.

Se suprime o texto: Os recibos devoltos terán unha comisión de 2 euros.

No apartado 2.4.3. Período de compromiso.

Onde di: Dentro do prezo do abono están incluídos os peches que aparecen detallados no regulamento de uso, se engade polo que non hai dereito á devolución por ditos peches.

- . Curso. Existen dúas modalidades de cursos.
- . Cursos formativos de inverno (setembro a xuño). O compromiso para as actividades formativas é polo devandito período. Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais). Se engade o pago dos cursos para os abonados poderá ser mensual, mentras que para os non abonados será trimestral agás setembro que se pagará en efectivo na instalación. Os trimestres serán:
- . Outubro, novembro e decembro.
- . Xaneiro, febreiro e marzo.
- . Abril, maio e xuño.

No apartado 5.1.1. Horarios.

Onde di: O horario de apertura en cada tipo será o proposto pola empresa concesionaria se elimina no procedemento aberto, en base ao mercado como mínimo polo Concello no prego:

Os horarios existentes se substitúen polos seguintes:

- . Inverno:
- . De luns a venres: de 7,30 a 13,00 e de 16,00 a 22,30 horas.
- . Sábados: de 10,00 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas.
- . Domingos: de 10,00 a 13,00 horas.
- . Festivos: pechado.

- . Verán:
- . De luns a venres: de 7,30 a 12,30 e de 19,30 a 23,00 horas.
- . Sábados: de 10,00 a 13,00 horas.
- . Domingos e festivos: pechado.

No apartado 5.1.2. Peches.

Onde di: A instalación permanecerá pechada os días festivos se elimina locais e se engade oficiais, eliminándose o texto 6 de xaneiro.

Onde di: Os días 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro, a instalación só abrirá se engade en horario de mañán e se elimina ata as 15:00 horas.

No apartado 5.3.6. Normativa de actividades/cursos.

A inscrición para cursos en activo con prazas libres é inmediata (salvo nas actividades formativas). O usuario deberá cubrir unha ficha (específica para cursos) coa finalidade de poder realizarlle un seguimento.

Nas actividades formativas realizarase unha proba de nivel que determinará a súa capacidade e en que horarios se pode inscribir.

Se engade: Para a realización dos cursos deberá existir un número mínimo de usuarios. Dito número dependerá do tipo de actividade e ratio máxima estimada. A empresa resérvase o dereito de:

- Non iniciar aqueles cursos que non cheguen a dito número mínimo.
- Deixar de impartilos (logo de rematado o mes) se hai unha diminución por debaixo do número mínimo.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 22 de maio de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional

de Estatística, de abril de 2012 a abril de 2013, que é do 1,4%, polo que a actualización das tarifas será polo 1,19 %.

Resultando conveniente igualmente aproveitar esta modificación para proceder a modificar a ordenanza no senso de deixar expresamente previsto no seu texto que non estarán suxeitas á taxa as edificacións ruinosas.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos do Pleno do 20.10.2010, publicado no BOP do 13.12.2010, e do 03.11.2011, publicado no BOP do 22.12.2011, nos seguintes termos:

1.1 -. Se modifican as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servicio de saneamento	0,095863 € / m ³
Servicio de depuración	0,206861 €/ m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servicio de saneamento	0,095863 € / m ³
Servicio de depuración	0,206861 €/ m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	0,958645 €/abo. mes
Depuración	2,068607 €/abo. mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMIENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servicio de saneamento	0,095863 € / m ³
Servicio de depuración	0,206861 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	353,59 €/ud
Zanxa en asfalto	394,70 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	443,43 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

1.2 -. Se modifica o art. 2: Feito impoñible, no senso de engadir un apartado 2 coa seguinte redacción:

2. Non estarán suxeitas a esta taxa as fincas derruidas, as declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10 de xuño de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

O Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sinala na súa Disposición Derradeira 1ª que as corporacións locais disporán dun prazo de dezaoto meses contados desde o día seguinte á súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste decreto.

Visto o proxecto elaborado polos servizos sociais municipais de ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión e os seus prezos públicos.

Vistos os informes de servizos sociais, de secretaría e intervención.

Realizada a tramitación legalmente establecida e á vista da competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión e os seus prezos públicos, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BRIÓN E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar como un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos da axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Brión, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto.

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Brión.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Brión.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de

atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

1. Asistencia para levantarse e deitarse.
2. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
3. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
4. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
5. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
6. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

1. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
2. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

1. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
2. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
3. Preparación dos alimentos.
4. Lavado e coidado das prendas de vestir.
5. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizo de podoloxía.

e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8. A coñeceren a situación do seu expediente.

9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán sustanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS.

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Brión ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos.

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente regulado no Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Brión, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo III desta ordenanza.
 - c) Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Brión e a persoa usuaria, segundo o Anexo IV desta ordenanza.
 - d) Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.
- En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento.

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Brión, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a) Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

- 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
- 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
- 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
- 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

a) As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo II.

b) O departamento de Servizos Sociais elaborará un informe - proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

c) Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe - proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

d) Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.

e) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpren as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, desde que á persoa usuaria se lle asigna o recurso desde o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou desde que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrència. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén á persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo III desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución

do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.

- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo III desta ordenanza.

- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Brión e a persoa usuaria, segundo o anexo IV desta ordenanza.

- Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, ditadas polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2 O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ao 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%

>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87€	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo de SAF básico
Inferior ao 0,80 IPREM	0%
Desde o 0,80 e inferior ao 1,25 IPREM	15%
Desde o 1,25 e inferior ao 1,5 IPREM	20%
Desde o 1,5 e inferior ao 1,75 IPREM	40%
Desde o 1,75 e inferior ao 2 IPREM	50%
Desde o 2 e inferior ao 2,25 IPREM	65%
Desde o 2,25 e inferior ao 2,5 IPREM	70%
Maior de 2,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Brión, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar os prezos públicos nace, en xeral, desde que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos aspectos de contido económico, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais publicada no BOP nº 210, de 25 de setembro de 2009; o regulamento de réxime interno do servizo de axuda no fogar cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 76, do 26 de abril de 2010, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Esta ordenanza entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO I

SOLICITUDE

DATA:

REGISTRO DE ENTRADA Nº:

- PERSOAS DEPENDENTES**
- LIBRE CONCORRENCIA**

NOME E APELIDOS:	DNI:
-------------------------	-------------

DOMICILIO:	ESTADO CIVIL:
TELÉFONOS:	DATA NACEMENTO:
CORREO ELECTRÓNICO:	
REPRESENTAN TE:	DNI:
DOMICILIO:	PARENTESCO:
CORREO ELECTRÓNICO:	TELÉFONOS:

SOLICITA: O recoñecemento do dereito á incorporación ao servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Brión, unha vez aportada a documentación requirida e que se relaciona ao dorso.

AUTORIZA AO CONCELLO DE BRIÓN:

- A solicitar a información de carácter tributario necesaria de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 95 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
- A acceder á información referida no padrón municipal de habitantes.
- A ceder os seus datos á empresa xestora do servizo municipal de axuda no fogar.

Brión, ____ de ____ de 201 ____

- Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Brión

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Datos bancarios para domiciliación de pagos.
- VII. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

1- _____

2- _____

3- _____

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO II

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria)

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacida dade	De 65% a 74% de discapacida dade	75%-100%		81%- 87%		88%- 93%		94%- 100%	Grao de discapacida de en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%-100% discapacidade e ata 14 pts ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapacidade e ata	25-39 pts BVD	40-49 pts BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade + Axuda

		24 pts BVD							Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
			Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	Situación de dependencia. Decreto 176/2007
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal

Total puntos autonomía persoal _____

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) _____

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) _____

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) _____

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) _____

Con incapacidade para organizarse (3 puntos) _____

Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) _____

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) _____

Está ben atendido (0 puntos) _____

Puntos

Total puntos apoio social _____

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos) Puntos

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) _____

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) _____

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) _____

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) _____

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos) Puntos

Familias nas que ambos proxenitores ou tiores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos) _____

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos) Puntos

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) _____

3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos) Puntos

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) _____

3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos) Puntos

Un menor (3 puntos) _____

Dous menores (5 puntos) _____

Tres menores (7 puntos) _____

Catro ou máis menores (10 puntos) _____

Puntos

Total puntos situación familiar/socialización menores _____

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

Non hai luz eléctrica (1 punto) _____

Non hai auga corrente (1 punto) _____

Non posúe WC (1 punto) _____

Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) _____

Non ten neveira (1 punto) _____

Non ten quentador (1 punto) _____

Non ten lavadora (1 punto) _____

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) _____

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) _____

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)

Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) _____

Ausencia de relacións sociais (6 puntos) _____

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) _____

Integración axeitada no contorno (0 puntos) _____

Puntos

Total puntos outros aspectos sociais _____

Puntos

TOTAL XERAL _____

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO III

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente 1	Intervención nº 2	Data de solicitude	Data de Inicio

Sector de Referencia 3	Ámbito de Atención 3	Nº Total de Usuarios

Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do Proxecto	Data Fin de Proxecto
1		

Antecedentes relevantes:

2.-Atención a prestar

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D		Nº de horas semanais	Horario

Tipo de servizo a prestar 4

Perfil dos/as profesionais

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

Outros servizos:

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

6.-Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

6.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

Asdo.:

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO IV

ACORDO DE SERVIZO

Reunidos en Brión o día _____ dunha parte don/dona
_____, con DNI: _____ e doutra
_____, en calidade de Técnico responsable do servizo de
axuda no fogar do Concello de Brión.

ACORDAN:

1. Que o Concello de Brión /a entidade prestadora _____, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día _____ do _____ de 20__.
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará para usuarios de dependencia con carácter indefinido, e para o caso de acceso ao través do procedemento de libre concorrència por un prazo de _____, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais/da Entidade prestadora acreditada.
3. Que o SAF se levará a cabo por un total de horas/mes, distribuídas semanalmente nos seguintes días..... en horario de
4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á ordenanza municipal reguladora do servizo, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros/mes, polo que na modalidade de dependencia lle corresponde unha porcentaxe de copago do% sobre a súa capacidade económica, e no caso de libre concorrència, unha porcentaxe de copago do% respecto ao custe do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a aportar _____ euros/mes polo total de horas prestadas.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o pago do prezo público do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
 - ~ Atencións de carácter persoal.
 - ~ Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria.
 - ~ Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo.
 - ~ Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
7. Que as modificacións que puidesen existir nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
8. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
9. Que o/a beneficiario/a queda debidamente informado/a da existencia e funcionamento do correspondente libro de queixas e reclamacións.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Brión a ____ de _____ de 20__

A persoa usuaria

O técnico responsable

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REDISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES DA OBRA: ABASTECIMIENTO AMES E BRIÓN (1ª FASE).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 31 de maio de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

A Administración Hidráulica de Galicia está a tramitar a execución da obra do proxecto: Abastecemento en Ames e Brión (1ª fase) . Ames e Brión (A Coruña). Clave: OH.215.799.

O orzamento de licitación desta obra foi de 7.063.735,70 euros, dos cales Augas de Galicia financiaba un 80% e o 20% restante os Concellos de Ames e Brión, financiando cada un deles un 10%.

Debido aos problemas que presentaron os concellos para realizar as achegas económicas correspondentes, Augas de Galicia decidiu reducir o financiamento que deberían realizar os mesmos, pasando este concello de aportar inicialmente 819.393,34 euros a aportar logo da modificación da porcentaxe a financiar sobre o orzamento de licitación a cantidade de 200.000 euros finalmente.

Por estes motivos propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar á Dirección de Augas de Galicia o financiamento do 92,68% do orzamento de licitación da obra.

2º) Modificar a distribución das anualidades aprobadas polo Pleno con data 30 de setembro de 2009 e a aportación total, que pasa a ser de 200.000 euros, coa seguinte distribución:

Ano 2013 150.000 €

Ano 2014 50.000 €.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que se o Concello de Ames non pode achegar os 200.000 euros deberá vir novamente a Pleno a redistribución, porque cada un dos concellos ten que achegar o mesmo, é dicir habería que adoptar un novo acordo en función da dispoñibilidade orzamentaria do Concello de Ames.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 10.06.2013 DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 10 de xuño de 2013 cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Visto o convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, remitido mediante escrito da Dirección Xeral de Administración Local e da Fegamp de data 13.05.2013, con rexistro de saída núm. 946, do 13.05.2013, que ten por obxecto colaborar para completar o mapa de emerxencias de Galicia mediante a implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal para a realización das seguintes funcións:

- Intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.

- Realización de traballos forestais preventivos.

- Intervención en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro.

- Intervención en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, corrementos de terra, situacións de seca.
- Colaboración, e no seu caso, intervencións en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaboración coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaboración e apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plan de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realización de actividades e, no seu caso, establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicados nos apartados anteriores.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.

O Concello é sede do grupo denominado Zona de Santiago, Noia e A Barcala, e o seu ámbito territorial comprende os concellos de Brión, Ames, Negreira, Lousame e Noia.

Os custos que suporán estes grupos repartiranse de acordo coas seguintes porcentaxes: A Xunta de Galicia: 60%. As Deputacións: 20% e o Concello sede: 20% (50.000 euros/ano de custos salariais e 50.000 euros/ano de gastos de funcionamento, aproximadamente).

Considerando que a adhesión ao convenio, que ten unha vixencia ata o 31.12.2015, é de interese para os veciños do Concello aínda que supón incremento do gasto municipal, e resultando urxente manifestar a adhesión do Concello ao mesmo de xeito que os concellos poidan coordinar as súas actuacións de xeito conxunto para a selección de persoal e realización do posterior curso de formación pola Xunta de Galicia, resolvo:

1º) Solicitar a adhesión do Concello de Brión ao convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, as Deputacións e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais e, en consecuencia, manifestar a vontade deste Concello de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con plena suxeición a todas elas.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de data 12 de xuño de 2013 que nas súas conclusións sinala:

A adhesión deste Concello ao convenio de colaboración para a creación e implantación dos GES supón o seguinte:

1º. Que os profesionais integrantes dos GES dependerían tanto xurídica como organicamente do Concello de Brión, polo que este persoal en ningún caso tería ningún vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

2º. Que o Concello de Brión, tería que aportar con cargo a fondos propios como mínimo no ano 2013: 29.023,51 euros, e nos anos 2014 e 2015: 58.047,02 euros por ano. Isto suporá unha achega municipal con cargo a fondos propios como mínimo de 145.117,55 euros nun período de 2 anos e medio.

Así mesmo podería darse a situación de que non se consideren gastos elixibles os gastos de persoal para as labores de prevención, e o Concello sede, neste caso o Concello de Brión, tería que soportar eses gastos con fondos propios.

Que o Concello tería que asumir os gastos correntes de sostemento do GES, estimados en 50.000 euros anuais, con cargo a fondos propios no caso de que non se chegase a materializar coa Xunta unha subvención para sufragar estes gastos.

3º. Que coa adhesión a este convenio adquiriranse unha serie de compromisos de gastos correntes que suporían un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do límite de gasto non financeiro e da regra do gasto neste trimestre. Ademais amparándonos no resultado do remanente de tesourería para gastos xerais negativo arroxado pola liquidación do orzamento de 2012, e os datos do orzamento en vigor, ademais dunha máis que previsible aprobación do orzamento de 2014 con superávit, este Concello non ten capacidade para asumir os compromisos de gastos futuros (achega con cargo a fondos propios do Concello sede para o ano 2014 e 2015) dentro dos límites de déficit.

Así pois segundo o establecido no artigo 21 da LOEPSF, este Concello deberá elaborar un plan económico - financeiro co contido mínimo do artigo 21.2 da citada Lei no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, e deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento. O plan deberá ser remitido á correspondente Comunidade Autónoma, no caso de que esta teña atribuída a tutela financeira, senón remitírase ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que haberá que ter xuntanzas cos outros concellos aos que lles damos cobertura para que acheguen algo.

O Sr. Alcalde sinala que xa o dixen onte na comisión, que se terán reunións cos grupos municipais para que trasladen aos seus concelleiros nos outros concellos o asunto, que parece razoable que todos os concellos acheguen algo, que é o lóxico, pois un concello como nós non vai prestar o servizo de balde a concellos de 30.000 habitantes.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación da resolución transcrita dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xuño de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2013:
-Facturas IEC Reboredo.
- Financiamento convenio de colaboración servizo de obradoiro de emprego “Encontro Verde”.
- Reparación, mantemento e conservación contedores soterrados Casa Concello e Urbanización Río Pego - Monte Balado.
- Convenio de colaboración creación e implantación dos GES.
- Convenio drogodependencia.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobrante da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudio das necesidades, de carácter inaprazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 08/2013**, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados con cargo a anulacións ou baixas doutras partidas, por importe de **34.897,35 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
2013027	134/131.00	Retribucións persoal laboral temporal GES.	11.288,64
2013027	134/160.00	Seguridade Social persoal laboral temporal GES.	3.792,39
	162/219.00	Reparación, mantemento e conservación contedores soterrados.	2.566,18
	165/609.00	Fra nºRE00134/08 de IEC Reboredo .Recoñecemento extraxudicial 02/2013.	832,53

	171/462.00	Convenio obradoiro de emprego "Encontro Verde"	8.602,41
	231/462.00	Convenio drogodependencia ano 2011	2.255,96

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 29.338,11 €

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (partidas dotadas insuficientemente)

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	165/227.99	42.722,53	3.479,12	46.201,65	Recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2013.
	165/619.00	3.000,00	867,68	3.867,68	Recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2013.
	321/629.00	370,00	1.212,44	1.582,44	Recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2013.
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			5.559,24		

2º FINANCIAMENTO.

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **34.897,35 €**

Prox.	Aplicación orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidad a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	151/12000	16.258,20	8.000,00	8.258,20	O funcionario está en comisión de servizos.
	151/12001	6.126,42	4.000,00	2.126,42	A praza de aparelador municipal está vacante.
	151/12100	6.025,06	2.000,00	4.025,06	A praza de aparelador municipal está vacante.
	151/12101	8.464,14	3.000,00	5.464,14	A praza de aparelador municipal está vacante.
	151/16000	8.583,77	3.500,00	5.083,77	A praza de

					aparellador municipal está vacante.
	155/210.00	18.000,00	5.000,00	13.000,00	Aplicación de medidas de austeridade, que implican un menor gasto global.
	161/210.00	7.000,00	2.000,00	5.000,00	Aplicación de medidas de austeridade, que implican un menor gasto global.
	920/212.00	26.320,93	7.397,35	18.923,58	Aplicación de medidas de austeridade, que implican un menor gasto global.
TOTAL			34.897,35		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito 0 €.

2º) Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dita modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 14 de xuño de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 18 de xuño de 2013, que transcrita di:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 6.420,04 euros, e que constan no departamento de Intervención (xúntase a relación no anexo), correspondentes a exercicios anteriores, e que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían polas seguintes causas:

1º. No caso de M.A.F 1-Santiago S.L as facturas presentadas se corresponden con prestacións de servizos realizadas e facturadas en 2012, estas preséntanse no rexistro municipal en 2013, a efectiva prestación do servizo xa foi confirmada.

2º. No caso de I.E.C. Reboredo S.L., as facturas presentadas se corresponden con diversas prestacións de servizos efectuadas en 2004, 2008 e 2010 ao Concello, pero non foron presentadas no rexistro nos exercicios en que se realizaron efectivamente as prestacións dos servizos, pero si foron presentadas con posterioridade. As facturas foron conformadas polos distintos departamentos municipais.

En vista do anterior, esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 14 de xuño de 2013, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o houberan sido en aquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

A vista do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que “corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”, esta Alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispor os gastos, e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores, e derivadas das facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de SEIS MIL CATROCIENTOS VINTE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (6.420,04 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas.

B 70059001 M.A.F. 1-SANTIAGO S.L. (Nacex Servicios Exprés)				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
29/02/2012	A 13094	Envío documentación á Deputación Provincial	920.223.00	7,38
31/08/2012	A 13893	Envío maquinaria para reparación a empresa	134.223.00	10,89

		Dräger Safety Hispania		
TOTAL				18,27
B 15706815 I.E.C. REBOREDO S.L.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
29/12/2004	RE00118/04	Acumuladores escolas unitarias de Sabaxáns e Luaña.	321/62900	1.212,44
01/08/2008	RE00106/08	Sustitución de luminaria ornamental en Urb. Montebalado.	165/61900	867,68
21/10/2008	RE00134/08	Reubicación de tres luminarias en Liñares.	165/60900	832,53
25/01/2010	RE00011/10	Mantemento de alumado público e instalacións en edificios públicos 23 decembro-23 de xaneiro.	165/22799	3.489,12
TOTAL				6.401,77
IMPORTE TOTAL RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2013				6.420,04

Segundo.- Imputar as obrigas de M.A.F 1-Santiago S.L. con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente por importe de 18,27 euros.

Terceiro.- Imputar as obrigas de I.E.C. Reboredo S.L., con cargo ás aplicacións orzamentarias recollidas especificamente no expediente de modificación de créditos MC08/2013.

A efectividade deste acordo quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de modificación de créditos citado que dará cobertura orzamentaria de xeito parcial ao presente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

11º) MOCIÓNS.

Pola Alcaldía expónse que existen dúas mocións dos grupos municipais do PSG-PSOE e Mixto (BNG) sobre o mantemento dos rexistros civís que son semellantes, en esencia se solicita o mesmo. A Corporación por unanimidade acorda aprobar a urxencia da moción do grupo do PSG-PSOE.

Xa que logo apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MANTEMENTO DO SERVIZO DE REXISTRO CIVIL NOS XULGADOS MUNICIPAIS.

Dada conta da moción que transcrita di:

Exposición de motivos.

A prevista reforma do Rexistro Civil pon de manifesto a intención do Ministerio de Xustiza de eliminar os Rexistros Civís dos xulgados municipais para pasar a ser competencia dos Rexistros da Propiedade. Isto significa poñer importantes trabas á veciñanza para acceder a un servizo que con frecuencia utilizan por necesidades ou obrigacións administrativas: solicitudes de trámites diversos relacionados con nacementos, filiación, defunción, matrimonio, etc.

Deste xeito, afastaríase dos pequenos concellos os Rexistros Civís provocando un trastorno por ter que desprazarse a cidades de maior poboación e un prexuízo económico, polos gastos de desprazamento e porque os Rexistros da Propiedade cobrarían por este servizo, vulnerándose así os dereitos de gratuidade e de servizo público e universal.

Esta intención de eliminar os Rexistros Civís traerá probablemente a desaparición dos Xulgados de Paz dos concellos máis pequenos, a pesar das importantes funcións que realizan: consultas, conciliacións, xuízos de faltas, volvendo producir os mesmos trastornos que supón a eliminación dos Rexistros Civís ademais de saturar outros xulgados polas competencias que ven realizando os Xulgados de Paz de xeito habitual.

Polo tanto, a desaparición dos xulgados e rexistros dos concellos pequenos sería un grave prexuízo para a veciñanza destes pobos, pois a través destes organismos resolven moitas das súas necesidades e problemas cotiás dun xeito fácil e próximo, esquecendo así o noso obxectivo de progreso, que non é outro que acercar a administración ao cidadán.

Por todo o anterior exposto, esta alcaldía, no uso das funcións que lle confire a normativa vixente, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado Español o mantemento do servizo de Rexistro Civil nos xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuíto.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado Español e ao Ministro de Xustiza.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que pola información que teño non hai proxecto nin sequera anteproxecto de lei sobre este tema e non parece lóxico aprobar unha moción sobre algo que non está presentado; nós por suposto que cando se presente se fora así como se di na moción, por suposto que estaríamos en contra da supresión dos xulgados de paz e do traspaso das competencias en materia de rexistro civil aos rexistros da propiedade.

O Sr. Alcalde sinala que desde os grupos da oposición do Congreso dos Deputados informan que se está a tramitar o anteproxecto porque consta a resposta dos rexistradores da propiedade no senso de que o farían pero cobrando, é dicir que o goberno está por cambialo.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que eu por suposto apoiaría a moción, pero nos faltan datos e por iso abstémonos, pero que si se propón a supresión dos xulgados de paz conten con nós para opoñermos a iso.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) CONTRA A MINARÍA SALVAXE E CONTAMINANTE.

Dada conta da moción que transcrita di:

A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para saúde das persoas.

En Galiza existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranguer máis da metade da superficie do país. A maior parte das mesmas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentábel dos recursos mineiros. O aproveitamento de determinados recursos mineiros debe ser considerado estratéxico, decidido desde Galiza en función dos seus intereses, e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

Nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. Por exemplo, o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de se tramitar como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galiza) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, na Rede Natura, onde queren conceder 54 explotacións. Os concellos e as persoas afectadas non contan, tampouco a ordenación urbanística local. E non só é Corcoesto, en Bergantiños, senón O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, tamén están baixo esta ameaza.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou "fracking" son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente e os distintos usos do solo. Consume grandes cantidades de enerxía e auga e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación do solo e dos acuíferos.

Unha minaría a ceo aberto, salvaxe, que abre cráteres na superficie e fracturas nas profundidades, destruindo plantas, animais ou aldeas e lugares, se for preciso para os seus

intereses. Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentábeis das persoas. Produce explosións, destrución física do territorio con cráteres de centos de hectáreas e centos de metros de profundidade, embalsamento de contaminantes como metais pesados, (arsénico, cianuro), elimina acuíferos e contamina as augas.

Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan os prexuízos ambientais e socioeconómicos derivados doutros recursos naturais (forestais, agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos) e a saúde humana. Os permisos de investigación ligados á extracción de ouro implican o uso de cianuro, con riscos para a saúde e o medio ambiente. O cianuro é unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, un dos principais contaminantes, que pode ter impactos graves e irreversíbeis na saúde humana, no medio ambiente e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohiba a macrominaría a ceo aberto e a minaría con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer. E aínda máis, que Galiza sexa soberana na explotación dos seus recursos, como a minaría.

Por todo isto, o Grupo Municipal Mixto (BNG) solicita ao Concello de Brión en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.
2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de "fracking", en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.
3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.
4. Exixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.
5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que se cumpra o que di a lei, que teñen que cumprir co medio ambiente como temos que facer nós coa planta do lixo, e remata sinalando que parece razoable o contido da moción.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que o grupo mixto (BNG) presenta mocións de tal xeito que non nos da tempo a lelas, que o día das comisións non as ten, as presenta despois e non nos permite informarnos sobre os temas, e por iso ímonos abster.

O Sr. Alcalde sinala que nós votaremos a favor porque parecen cousas lóxicas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións:4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1) Rogo formulado por escrito polo grupo municipal do PP:

Exposición de motivos.

Temos constancia por diversos veciños do lugar de Soigrex e das súas inmediacións, que o camiño que une dito lugar co Alqueidón, está nunhas condicións nada apropiadas para o seu uso, dificultando o tránsito das persoas, debido a súa falta de conservación e ao elevado número de silvas no lugar.

Dito camiño, sempre foi utilizado polos veciños destas aldeas, sobre todo por aquelas persoas que fan ou viñan camiñando desde a Igrexa ata Alqueidón. Nos últimos anos, é certo que a gran maioría destas persoas, utilizaban a estrada que percorría ditos lugares, xa que tiña moi pouco tránsito, era segura para as persoas, e se atopaba en boas condicións.

Pero dita estrada, fai poucos días que acaba de ser aberta como vial de modificación da AC-304, abríndose polo tanto ao tránsito de vehículos e sobre todo, aos de gran tonelaxe. Tendo en conta que neste novo vial, non existen beirarrúas, as persoas antes citadas, novamente teñen que utilizar o camiño do asunto, por motivos de seguridade, evitando os perigos derivados de dita situación.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte rogo:

-. Que o Concello de Brión faga as xestións oportunas para que se limpe e acondicione nas debidas condicións o camiño que une estas aldeas, facilitándose deste xeito o tránsito ás persoas.

O Sr. Alcalde sinala que o único problema é que non caben as máquinas, hai que facelo a man, e co persoal que temos agora é imposible, non temos persoal; engadir que é un camiño que foi obxecto de litixio no seu día; non dicimos que non a isto, pero que agora non o podemos facer porque non podemos sacar aos obreiros dos traballos que están a facer e tampouco ten perigo ou necesidade urxente de facelo.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo presenta o seguinte **rogo verbal**:

-. Que na recta de Bastavales fixéramos un rogo hai tempo para ver si se podían facer beirarrúas nalgúns tramos.

O Sr. Alcalde sinala que economicamente é inviable neste momento facer beirarrúas; engade que á sinalización non se lle fai caso e veremos cos veciños a posibilidade de poñer badéns, porque hai velocidades tremendas ao estar moi ben asfaltada e non se fai caso á sinalización existente; estamos a estudar a maneira de corrixir isto, porque economicamente é inviable.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo presenta a seguinte **pregunta verbal**:

-. Poñía no xornal que Urban presentara un proxecto para regularizar o edificio, pódenos informar deste tema?

O Sr. Alcalde responde que podo informar pouco máis do que se sabe, onde se sitúa o edificio só poden existir vivendas individuais ou usos hoteleiros, e hai unha interpretación do PXOM de que poden ser hoteis en réxime de residencia apartamento para terceira idade, e hai unha sentenza firme a favor do Concello, pero encontrámonos que seguen a meter xente, que fan incluso publicidade de pisos de aluguer e temos serios problemas para intentar incluso facerlle as notificacións porque non recibe nada deste tema, incluso enviamos a persoal do Concello e lle dixeron que non podían abrialle porque non funcionaba o telefónillo, e que o Concello sabe sobre o tema da regularización do edificio o mesmo que ven no xornal, que aquí non sabemos nada, que vaise precintar aos que non estean ocupados e imos seguir coas multas coercitivas, e remata sinalando que á prensa a empresa díxolle que ía regularizar, e igual vai corrixir.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e oito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

José Luis García García.

Javier Nieves González.